



## Explotación da mostra continua de vidas laborais.

### Información de carácter lonxitudinal (cohortes de idade)

#### METODOLOXÍA

---

##### 1. Introducción

A Mostra continua de vidas laborais (MCVL) é un conxunto de microdatos anonimizados procedentes de diversos rexistros administrativos: das bases de datos da Seguridade Social, do Padrón municipal de habitantes do Instituto Nacional de Estadística (INE) e do resumo anual de retencíons e ingresos a conta do IRPF (Modelo 190) da Axencia Tributaria. A MCVL constitúe unha mostra representativa de todas as persoas que durante o ano de referencia (ano natural) tiveron relación coa Seguridade Social, ben porque estiveron afiliadas en situación de alta laboral, ben porque percibiron unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego, ou ben porque percibiron algún tipo de pensión contributiva da Seguridade Social.

Na MCVL non só se inclúe información do ano en curso, senón que incorpora todos os rexistros que figuren nas bases de datos da Seguridade Social (dende que estas foron creadas, en torno ao ano 1960), de cada unha das persoas integrantes da mostra. Polo tanto, a MCVL pode ser considerada un conxunto de datos de carácter retrospectivo. Ademais, o método empregado na extracción desta (consultar o apartado 6), garante que todas as persoas que foron seleccionadas para formar parte da MCVL no momento da súa primeira extracción (o ano 2004), continúen formando parte desta aínda que se interrompa a súa relación coa Seguridade Social nalgún momento dado. Isto converte á MCVL nunha base de datos tipo panel sobre o mercado laboral español e, con elo, nunha fonte de información idónea para realizar análises lonxitudinais sobre este.

No Instituto Galego de Estatística (IGE) explotamos esta estatística con carácter transversal dende o ano 2011. Ao longo destes anos, a MCVL converteuse nun recurso indispensable para estudar a composición do mercado laboral galego: as características das relacíons laborais que o integran, os salarios percibidos polos traballadores e polas traballadoras por conta allea ou as bases de cotización mensuais percibidas, son só algunas das metas informativas ás que se puido dar resposta grazas aos datos da MCVL.

No ano 2022 e tomando como fonte de información a edición de 2018 da MCVL, comezou a explotarse dende unha óptica lonxitudinal. Polo tanto, a poboación investigada nesta estatística é aquela con residencia en Galicia e que tivera relación coa Seguridade Social no ano 2018 (ben como afiliado/a en alta laboral, ben percibindo unha prestación ou subsidio por desemprego ou ben cobrando unha pensión contributiva), da cal se investiga toda a súa vida laboral ata o 31/12/2018. Ademais, o estudo restrínxese á poboación nacida antes de 2000, en idade, polo tanto, de acceder ao mercado laboral.

## **2. Obxectivos e utilidades**

A explotación dos microdatos da MCVL dende unha óptica lonxitudinal ten por finalidade obter unha serie de indicadores resumo sobre a vida laboral da poboación estudiada e comparalos segundo a cohorte de idade ou de nacemento; en concreto, analízanse os seguintes puntos:

- As características do primeiro episodio de emprego (idade de acceso ao mercado laboral, duración, etc.)
- As características do primeiro episodio de desemprego (tempo transcorrido ata experimentar o desemprego, duración, etc.)
- As características globais de todos os episodios de cotización en alta laboral (duración media de todos os empregos, densidade media de cotización, etc.)
- As características globais de todos os episodios de percepción de prestación/subsidio por desemprego (duración media, tempo transcorrido ata experimentar desemprego de longa duración, etc.)

Tamén se realizan comparacións entre cohortes por sexo, grupo de cotización e sector de actividade. O obxectivo último é analizar como cambiou a inserción no mercado laboral e as características do emprego e do desemprego, en función do momento no que a persoa inicie a súa andaina laboral.

### **3. Ámbito de investigación**

#### **Ámbito poboacional**

A poboación obxecto de investigación está constituída por todas as persoas con residencia en Galicia (segundo o Padrón municipal de habitantes do INE), que no ano 2018 tiñan 18 ou máis anos (naceron, polo tanto, con anterioridade ao 2000) e que nalgún momento do ano de referencia estiveron afiliadas en alta laboral ou percibindo algúna prestación ou subsidio contributivo por desemprego da Seguridade Social.

Non se inclúen na poboación de referencia:

- As persoas cuxo único vínculo coa Seguridade Social no 2018 consiste na percepción dunha pensión contributiva non relacionada co desemprego.
- As persoas que están rexistradas na Seguridade Social só para os efectos de percibir asistencia sanitaria.
- As persoas perceptoras de pensións non contributivas.
- As persoas perceptoras de prestacións asistenciais nacionais ou autonómicas.
- Aquelas persoas que teñen un sistema de previsión social distinto ao da Seguridade Social, por exemplo os funcionarios e as funcionarias de clases pasivas.
- As persoas demandantes de emprego que non perciben prestacións contributivas.
- A MCVL inclúe aquellas persoas que teñen un convenio especial coa Seguridade Social e, a pesar de non ter traballo durante o ano de referencia, estiveron cotizando para ter dereito a percibir unha pensión. Porén, nesta explotación non se tiveron en conta estas persoas.

Para as persoas das que non se dispón da data de nacemento no Padrón utilizouse a información disponible nas bases de datos da Seguridade Social. O grupo poboacional dividiuse en varias particións tendo en conta, por un lado, a idade que tiña en 2018 e, por outro lado, o ano de nacemento; así, segundo a primeira clasificación, diferéncianse 3 grupos ou cohortes de idade:

- Cohorte 1: persoas de 50 ou máis anos
- Cohorte 2: persoas de 35 a 49 anos
- Cohorte 3: menores de 35 anos

Se se emprega a segunda clasificación, diferéncianse 4 cohortes de nacemento:

- Persoas nacidas con anterioridade a 1970
- Persoas nacidas entre 1970 e 1979
- Persoas nacidas entre 1980 e 1989
- Persoas nacidas entre 1990 e 1999

### **Ámbito xeográfico**

O ámbito territorial da MCVL corresponde a todo o territorio nacional pero na explotación que realiza o IGE restrínxese a unha submostra de rexistros referidos únicamente a persoas con residencia na Comunidade Autónoma de Galicia no ano de referencia (o 2018). Esta variable extráese do Padrón municipal de habitantes do INE e, no caso de que non estea gravada nalgún rexistro, obtense do ficheiro de persoas físicas da Seguridade Social.

### **Ámbito temporal**

O ámbito temporal de recollida da información corresponde co ano 2018; é dicir, inclúense datos de todas as persoas nacidas con anterioridade ao ano 2000, que tiveron relación coa Seguridade Social nalgún momento de 2018, aínda que este vínculo se restrinxía a un só día ou incluso a só unhas horas. Este vínculo debe corresponder cunha afiliación en alta laboral ou coa percepción dunha prestación ou subsidio contributivo por desemprego da Seguridade Social.

O período de referencia dos datos varía en función do indicador considerado. Así, este pode referirse a toda a vida laboral da poboación investigada ou a un episodio concreto de emprego ou desemprego. Por exemplo, nos indicadores relativos ao primeiro episodio de cotización en alta laboral, o período de referencia da información corresponde ao momento no que cada persoa entra a formar parte do mercado laboral galego; nuns casos, este momento estará moi próximo ao ano actual, no caso das persoas de menor idade que xusto acaban de acceder ao seu primeiro emprego; noutros, coma no grupo de poboación de maior idade, o período de referencia da información pode retrotraerse ata o ano 1960, que é o momento no que se crean as bases de datos da Seguridade Social que nutren a MCVL.

No caso das variables de corte de tipo persoal, coma o sexo e a cohorte de idade, a información refírese ao ano 2018; é dicir, extráese do Padrón municipal de habitantes da edición 2018.

## **4. Definicións**

**Sistema da Seguridade Social:** é un conxunto de réximes a través dos cales o Estado garante ás persoas comprendidas no seu campo de aplicación, por realizar unha actividade profesional ou por cumplir os requisitos esixidos na modalidade non contributiva, así como aos familiares ou asimilados que tivesen ao seu cargo, a protección adecuada nas continxencias e situacións que a lei define.

**Situación de afiliación en alta laboral:** a afiliación en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación deste cando se atopen traballando, ben por conta allea, ben por conta propia, e única (no sentido de que o seu número de afiliación non varía) para toda a vida laboral, sen prexuízo das baixas, altas e variacións que se poidan producir con posterioridade á primeira afiliación. É dicir, o traballador ou a traballadora afíliase cando comeza a súa vida laboral e a empresa (ou o/a propio/a traballador/traballadora, no caso do emprego por conta propia) o/a dá de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social. Esta situación denomínase alta inicial. Se cesa na súa actividade consíguese unha baixa no Sistema, pero o seu número de afiliación segue activo, en situación de baixa laboral. Se retoma a súa actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva, pero a persoa non terá que afiliarse de novo; simplemente procederase a consignar unha nova alta do seu número de afiliación.

**Prestacións por desemprego de nivel contributivo:** protexen aquelas situacións de desemprego das persoas que, podendo e querendo traballar, perdan o seu emprego de forma temporal ou definitiva, ou se lles reduza temporalmente a súa xornada diaria por decisión empresarial, coa correspondente perda ou redución análoga de salarios, por algunha das causas establecidas como situacións legais de desemprego. Os requisitos para recibir esta prestación son os seguintes:

- Estar afiliado ou afiliada á Seguridade Social en situación de alta ou asimilada á alta nalgún dos réximes que contemple a continxencia por desemprego.
- Atoparse en situación legal de desemprego.
- Acreditar estar dispoñible para buscar activamente emprego e para aceptar unha colocación adecuada e subscribir un compromiso de actividade.

- Ter cotizado por desemprego un período mínimo de 360 días dentro dos seis anos anteriores á situación legal de desemprego.
- Non ter cumplido a idade ordinaria que se exige para a pensión de xubilación, excepto que non se tivera dereito a ela por falta de cotización ou se trate de situacións de suspensión da relación laboral ou de redución de xornada autorizados por expediente de regulación de emprego.
- Non realizar unha actividade por conta propia ou traballo por conta allea a tempo completo, excepto:
  - As persoas que teñan contrato por tempo indefinido de apoio a emprendedores, que poderán compatibilizar o 25% da prestación con dito contrato.
  - Cando o determine algún programa de fomento de emprego.
- Non estar incluído ou incluída nalgúnha das causas de incompatibilidade.

**Subsidio de desemprego:** é unha prestación asistencial que ten como obxectivo complementar a protección da prestación de carácter contributivo das situacións de desemprego. Consta dunha prestación económica e, no seu caso, do abono á Seguridade Social da continxencia de xubilación. A duración e contía determináñanse en función da modalidade de subsidio ao que se teña dereito:

- Traballadores e traballadoras que esgotaron a prestación contributiva por desemprego e teñen responsabilidades familiares.
- Traballadores e traballadoras que esgotaron a prestación contributiva por desemprego maiores de 45 anos e que non teñen responsabilidades familiares.
- Traballadores e traballadoras emigrantes retornados/as.
- Traballadores e traballadoras que, cando se produce a situación legal de desemprego, non teñen cuberto o período mínimo de cotización para acceder a unha prestación contributiva.
- Liberados/as de prisión.
- Traballadores e traballadoras declaradas plenamente capaces ou que perdesen a condición de pensionista de incapacidade por melloría dunha situación de grande invalidez, incapacidade permanente absoluta ou total para a profesión habitual.

- Subsidio por desemprego para traballadores e traballadoras maiores de 55 anos.

Para acceder ao subsidio por desemprego débense cumplir, con carácter xeral, os seguintes requisitos:

- Estar desempregado ou desempregada e inscrito/a como demandante de emprego e subscribir o compromiso de actividade.
- Non ter dereito a percibir unha prestación por desemprego de nivel contributivo.
- Carecer de rendas, de calquera natureza, en cómputo mensual superior ao 75% do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional das dúas pagas extraordinarias.

**Episodio continuado de emprego:** período continuo durante o cal non se produce a interrupción do vínculo laboral da persoa coa Seguridade Social; durante este período, a persoa pode solapar contratos, cambiar de modalidade contractual dentro da empresa ou incluso cambiar de empresa, pero atópase en todo momento en situación de alta laboral (non pode pasar a situación de inactividade nin percibir unha prestación ou subsidio por desemprego). Deste xeito, diferéncianse os períodos nos que a persoa está traballando daqueles nos que non o está.

**Densidade media de cotización posible:** cociente entre o tempo total cotizado en situación de alta laboral e a vida laboral posible da persoa, considerando como data de inicio desta o momento no que se cumplen os 16 anos (idade mínima legar para traballar actualmente en España) e como data de fin o 31/12/2018.

**Densidade media de cotización real:** cociente entre o tempo total cotizado en situación de alta laboral e a vida laboral real da persoa, considerando como data de inicio desta o momento no que se accede ao mercado de traballo e como data de fin o 31/12/2018.

## 5. Variables de clasificación

A continuación expónense as principais variables utilizadas para clasificar os indicadores presentados nas táboas de datos difundidas:

**Sexo:** o sexo das persoas, segundo figura gravado nas bases de datos da Seguridade Social (home ou muller).

**Grupo de cotización:** identifica grupos de categorías profesionais para traballadores e traballadoras por conta allea, tradicionalmente co obxecto de limitar as bases de cotización cos topes máximos e mínimos establecidos anualmente para cada categoría; estes son os que seguen:

- 1 - Enxeñeiros, licenciados e alta dirección
- 2 - Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados
- 3 - Xefes administrativos e de taller
- 4 - Axudantes non titulados
- 5 - Oficiais administrativos
- 6 - Subalternos
- 7 - Auxiliares administrativos
- 8 - Oficiais de primeira e segunda
- 9 - Oficiais de terceira e especialistas
- 10 - Peóns e asimilados
- 11 - Traballadores menores de 18 anos

Non consta: para os traballadores e traballadoras por conta propia e nos episodios de emprego por conta allea onde non se rexistrrou esta información (na actualidade a variable aparece cuberta en praticamente todos os rexistros das bases de datos da Seguridade Social pero, nos episodios más antigos, en particular nos próximos ao ano 1960, momento de creación das bases de datos, moita información non foi rexistrada; por este motivo, a porcentaxe de poboación na categoría "Non consta" é superior na cohorte 1, correspondente ás persoas de maior idade).

**Sector de actividade:** recolle a actividade principal, segundo a CNAE-2009, da conta de cotización na que está dado de alta o traballador ou a traballadora, no caso do emprego por conta allea, ou a actividade á que se dedican os traballadores ou traballadoras por conta propia. Considéranse 4 sectores:

Agricultura e pesca

Industria

Construción

## Servizos

Non consta: nos episodios de emprego onde non se rexistrhou esta información (na actualidade a variable aparece cuberta en praticamente todos os rexistros das bases de datos da Seguridade Social pero, nos episodios máis antigos, en particular nos próximos ao momento de creación das bases de datos, moita información non foi rexistrada; por este motivo, a porcentaxe de poboación na categoría "Non consta" é superior na cohorte 1, como acontece coa variable grupo de cotización; pero no caso do sector de actividade a falta de información nos episodios de emprego antigos é aínda máis acusada xa que, a diferenza do que acontece co grupo de cotización, esta variable non inflúe no cómputo das bases mínima e máxima de cotización, polo que a súa cobertura non é obrigatoria).

## 6. Deseño da mostra

### Tipo de mostraxe

A mostraxe que se utiliza é aleatoria simple.

### Tamaño da mostra

Cada ano selecciónanse catro de cada cen persoas das que tiveron relación coa Seguridade Social no ano de referencia: persoas afiliadas en alta laboral, perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego e perceptores de pensións contributivas da Seguridade Social. Dado que se empregou como fonte de información a edición da MCVL de 2018, a mostra está referida a este período de tempo.

### Selección da mostra

O grupo poboacional que formará parte da MCVL de cada edición debe cumplir dúas condicións:

- Que o seu código de identificación nas bases de datos da Seguridade Social pertenza ao grupo seleccionado (mediante mostraxe aleatoria simple) no momento de extracción da primeira edición en 2004, que equivalía ao 4% da poboación de referencia nese momento.
- Ter formado parte da poboación de referencia no ano considerado constituída, como se comentou no sub-apartado anterior, por todas aquelas persoas que

estiveron vinculadas ao Sistema da Seguridade Social ao menos un día dentro do ano de referencia.

Este método de selección garante que continúen nesta as persoas que foron seleccionadas en edicións anteriores e que seguen a manter relación coa Seguridade Social. Tamén posibilita que as persoas que deixan de formar parte da mostra dunha edición dada (porque cesa a súa relación con este organismo), se volvan incorporar á mostra de forma automática cando volven ter relación coa Seguridade Social. Este feito converte á MCVL nun conxunto de datos ideal para realizar análises lonxitudinais do mercado laboral español. Ademais, e de ser preciso, o grupo seleccionado cada edición complétase con novas incorporacións para garantir que a MCVL anual sexa representativa da composición da poboación de referencia, ata acadar o 4% desta.

### **Estimadores**

O factor de elevación toma o valor 25 para todos os integrantes da mostra.

## **7. Recollida de datos e aspectos metodolóxicos**

A Mostra continua de vidas laborais é distribuída de forma gratuíta, baixo petición expresa, pola Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, pero só para estudos definidos.

Para a explotación da MCVL, no IGE someteuse o ficheiro de afiliacións a un proceso de depuración, que incide sobre todo nas relacións de desemprego. Detectáronse rexistros correspondentes a persoas que figuran como perceptoras de prestacións contributivas por desemprego cunha duración superior aos dous anos ou que constaban como perceptoras de varias prestacións por desemprego ao mesmo tempo. Tamén se atoparon casos nos que un traballador ou unha traballadora por conta propia percibía unha prestación ou subsidio por desemprego ou nos que un traballador ou unha traballadora por conta allea cunha xornada laboral a tempo completo compatibilizaba esta actividade co cobro dunha prestación ou subsidio por desemprego. Estas incoherencias resolvéronse levando a cabo cruces coa información dispoñible na mostra (por exemplo, co ficheiro de bases de cotización) para determinar que episodio era o correcto, o de emprego ou o de desemprego.

Xunto con estas depuracións, leváronse a cabo outros filtros para detectar discrepancias entre a información contida nos distintos ficheiros que conforman a MCVL, como na data de nacemento ou no sexo da persoa.

A partir da información retrospectiva contida no ficheiro de afiliacións da Seguridade Social, reconstruíuse a vida laboral de cada integrante da mostra, separándoa en 3 tipos de episodios: de emprego, de desemprego ou de falta de relación coa Seguridade Social.

O primeiro tipo corresponde a períodos nos que a persoa se atopa afiliada en alta laboral. Para evitar a distorsión que produciría nos resultados a existencia de episodios de emprego de moi curta duración, optouse por considerar como un só episodio de emprego todos os vínculos laborais da persoa que se sucedesen de forma ininterrompida no tempo ("episodio continuado de emprego"); durante este período, a persoa pode solapar contratos, cambiar de modalidade contractual dentro da empresa ou incluso cambiar de empresa, pero atópase en todo momento en situación de alta laboral. Á hora de seleccionar que vínculo se toma como referencia para incorporar as súas características (grupo de cotización e sector de actividade) ao "episodio continuado de emprego", seguiuse o criterio seguinte:

- Tomar como relación laboral de referencia o episodio de maior duración
- En caso de empate na antigüidade entre dúas ou más relacóns laborais, tomar como referencia o episodio máis recente

O segundo tipo corresponde a períodos nos que a persoa está percibindo unha prestación ou subsidio contributivo por desemprego.

E o terceiro tipo, falta de relación coa Seguridade Social, obtense tras analizar toda a vida laboral de cada integrante da mostra, dende que se rexistra o seu primeiro vínculo laboral ata o 31/12/2018, e descartar os períodos de emprego e de desemprego. Estas interrupcións non implican necesariamente que a persoa deixase de traballar ou de atoparse en situación de desemprego (abandonase, polo tanto, o mercado laboral): pode suceder que a persoa siga traballando, pero cotizando nun réxime distinto ao da Seguridade Social ou sen cotizar a ningún Sistema; do mesmo xeito, a persoa pode seguir en paro áinda despois de esgotar a prestación ou subsidio contributivo por desemprego ou ben, percibir unha axuda non contributiva, que non quedaría rexistrada no Sistema.

En todo caso, e dado que a Seguridade Social é o sistema de previsión social más estendido en España<sup>1</sup>, pode asumirse que, na meirande parte dos casos, as interrupcións da relación coa Seguridade Social equivalen a que a persoa deixou de traballar ou de buscar emprego activamente.

Desta forma, a vida laboral de cada integrante da mostra resúmese mediante a terna emprego-desemprego-inactividade, na cal se están a asumir as seguintes equivalencias:

- Episodio de emprego = episodio continuado de cotización en situación de alta laboral á Seguridade Social
- Episodio de desemprego = episodio de percepción dunha prestación ou subsidio contributivo por desemprego
- Episodio de inactividade = período durante o cal a persoa non ten ningún tipo de relación coa Seguridade Social, manifestada pola falta de información nas bases de datos desta

## 8. Presentación de resultados

A publicación da análise lonxitudinal da MCVL estrutouse en dúas partes:

- Información segundo a idade da persoa en 2018: divídese a poboación en estudio en 3 grupos, segundo a idade da persoa neste ano...
  - Cohorte 1: persoas de 50 ou máis anos
  - Cohorte 2: persoas de 35 a 49 anos
  - Cohorte 3: menores de 35 anos
- Información segundo o ano de nacemento: divídese a poboación en 4 grupos decenais, segundo o ano de nacemento...
  - Persoas nacidas con anterioridade a 1970
  - Persoas nacidas entre 1970 e 1979

---

<sup>1</sup> Segundo a información publicada na web do IGE, o 95,4% das persoas afiliadas a algún sistema de provisión social en Galicia o último día do ano 2020 cotizaba á Seguridade Social (porcentaxe calculada a partir da información difundida nas operacións estatísticas *Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada e Emprego na Seguridade Social e mutualidades*, que se poden consultar no seguinte enderezo:

[https://www.ige.gal/web/mostrar\\_seccion.jsp?idioma=gl&codigo=0204](https://www.ige.gal/web/mostrar_seccion.jsp?idioma=gl&codigo=0204).

- Persoas nacidas entre 1980 e 1989
- Persoas nacidas entre 1990 e 1999

En ambos casos difúndense indicadores relativos ao primeiro episodio de emprego (episodio de cotización en situación de alta laboral á Seguridade Social) e ao primeiro episodio de desemprego (percepción dunha prestación/subsidio contributivo por desemprego), cruzado ademais por sexo, grupo de cotización e sector de actividade económica no primeiro emprego/episodio de desemprego; tamén se difunden en ambos casos indicadores relativos a toda a vida laboral (cotización en situación de alta laboral á Seguridade Social) por sexo.